| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.
- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.
- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.

## Contidos

- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liña co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía do Departamento de Inglés do IES Pino Manso deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostas e coordinadas a partir da CCP.

Dentro das aulas, combinaremos o traballo individual graduado e supervisado co traballo colaborativo en grupos reducidos e/ou en parellas, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave.

Na ESO, farase especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura a partir de textos significativos e que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado. En Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como unha piar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de contar e manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, sabendo recoñecer e aplicar os recursos narrativos (storytelling) en función de cada situación comunicativa e prestando atención (no Bacharelato) á fonética e á entoación. Neste sentido, contamos coa medida dos Desdobres de aula, no que os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías (na ESO, a través das posibilidades que ofrece o proxecto Edixgal e a través da plataforma EVA), o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de consulta de elaboración propia              |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua |

|  |
|--|
| Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado) |
| Recursos audiovisuais auténticos                       |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos                                   |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe                    |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Cómpre sinalar que o IES Pino Manso está adherido ao programa E-Dixgal; circunstancia que na ESO nos permitirá facer uso dos materiais que a plataforma EVA fornece, e ademais o profesorado poderá completalo con outros materiais que complementen os recursos didácticos, o que facilitará o deseño de actividades máis personalizadas naqueles casos que se estime necesario.

A aula virtual, os libros de texto, os materiais de reforzo en papel e os dispositivos portátiles serán os recursos empregables co alumnado de 1ºESO, e, en concreto, combinarán a versión dixital (Students Book) do manual On Track 1 co caderniño (workbook) en papel, ambos da Editorial Oxford.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na ESO desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos e poderá incluír máis dun instrumento de avaliación:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a estrela, a maleta viaxeira, a tea dearaña, two truths and one lie, etc.)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba escrita de nivel
4. Actividade que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, My favourite person, etc.)

Os resultados da proba inicial conxuntamente coa información da nota obtida polo alumno o curso anterior, así como a observación sistemática das intervencións do alumno na clase reflexadas no diario da clase do profesor, servirán para facerse unha idea do perfil do alumno e do grupo co fin de adoptar medidas de reforzo no caso dos alumnos con un nivel inferior ou superior a media e cumprir así cos requisitos de atender a diversidade. Levarase a cabo este curso antes do 17 de outubro.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>5</b> | <b>25</b> | <b>30</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 38       | 38        | 38        | 38        | <b>38</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 62       | 62        | 62        | 62        | <b>62</b>  |

#### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación. A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

1) Peso dos trimestres (ESO)

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

2) Ponderación da cualificación na ESO

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución) para cada criterio de avaliación.

Para calcular a nota trimestral, empregárase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

1. Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 30%

2. Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 25%

3. Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 25%

4. Desenvolvemento das outras competencias clave: 20%

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificado e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

### **Criterios de recuperación:**

Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución dos mínimos para cada criterio da materia empregando, como mínimo, dous instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O Plan de reforzo de materia pendente do alumnado coa materia pendente de 1º ESO rexeráse polo descrito no Anexo I.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.

3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.

4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.

5. Actividades de reforzo e consolidación.

6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.

8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.

9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                                       | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual                                   | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - A competencia dixital  | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación emocional e en valores                           | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - A igualdade de xénero  | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - A creatividade   | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A educación para a saúde                                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.               | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial                        | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico                  | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

A programación de cada nivel inclúe proxectos, tarefas e actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro
- Plan de Igualdade

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Actividades culturais: Halloween, Christmas, etc. | O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividades de Halloween e Christmas co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos. | X        | X        | X        |

### Observacións:

1º ESO:

a) Actividades culturais: O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividades de Halloween e Christmas co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.

b) Afternoon Tea: O alumnado participará nunha Tea Party para coñecer esta tradición e a carga cultural que a rodea vinculada a Inglaterra.

c) Mindfulness: O alumnado participará en actividades enfocadas a desenvolver o mindfulness como parte do Plan de actividades físicas e hábitos saudables que se leva a cabo no centro.

d) Multicultural Week: O alumnado participará nunha semana enfocada en destacar a multiculturalidade e plurilingüismo do IES Pino Manso, con obradoiros, proxeccións e sesións gamificadas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.  |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.   |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar. |

|   |
|---|
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.  |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.   |
| Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación poderá facerse a través da aplicación PROENS na periodicidade establecida polas autoridades educativas. Así mesmo, darase conta da súa progresión (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora) nas reunións de Departamento, comunicando á maior brevidade calquera incidencia que xorda.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.



## 9. Outros apartados

### 9.1 Anexo I. Recuperación da materia de inglés pendente de 1º ESO

Na ESO, o Plan de reforzo das materias pendentes está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. O plan:

Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor.

Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

- a. Identificación da alumna/o.
- b. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

O alumnado da ESO coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación - dúas parciais e unha final- segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado.

A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito    | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|--------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Inglés | 1º ESO | 2                | 70             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 22            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 22            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 23            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 23            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 24            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 24            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 25            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 26            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 27            |
| 9. Outros apartados   | 28            |

## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-24 conta cun total de 578 alumnos e alumnas, dos cales 113 son alumnado de 1º ESO repartido en 4 grupos. O grupo de 1º ESO 2ª Lingua Extranxeira conta con 7 alumnos/as. A presente programación didáctica da materia de 2ª Lingua Extranxeira Inglesa en 1º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua extranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Lingua Inglesa non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua extranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación. En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque de Aprendizaxe Cooperativa a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.  | 1   | 1-2 | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.  | 5   | 1-2 | 1    |    | 3     | 3  |    |      |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.  |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3     |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | STARTER MODULE   | Personal Information<br>Q-A Personal info<br>To be/ Have got<br>Starter Unit   | 5              | 10         | X        |          |          |
| 2  | MODULO 1: My Life  | - Facer un Fact File dun amigo ou membro da familia.<br>- Facer unha presentación da árbore xenealóxica<br>- Debuxar plano de My Dream House e describilo<br>- | 25             | 20         | X        |          |          |
| 3  | MODULO 2: My daily routines and sports                       | - Writing describing their routine (A day in your life)<br>- Proxecto de presentar 3 fotos historicas en presente continuo                                     | 30             | 20         |          | X        |          |
| 4  | MODULO 3: A worlds of comparisons and talking about the past | - Anuncio dunha axencias de viaxes sobre un país<br>- Describir un evento pasado<br>-Facer unha noticia para o xornal de Happy                                 | 40             | 20         |          |          | X        |

| UD | Título   | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | MODULO 3: A worlds of comparisons and talking about the past | News       | 40             | 20         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1  | STARTER MODULE | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.  | Extraer as ideas principais moi sinxelas dos textos escritos e orais propostos.  | PE | 31 |
| CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.   | Redactar oracións que expresen ideas xerais de xeito comprensíbel.   |    |    |
| CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.   | Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica (Nome, apelidos, idade, nacionalidade)  |    |    |
| CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Aplicar estratexias que faciliten a comprensión das mensaxes orais breves e sinxelas coma instrucións das tarefas ou comunicacións da aula e demais material aplicando coñecementos do seu repertorio lingüístico e información do contexto. | TI | 69 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente. | Comprender as ideas principais de descrições, narracións, instrucións moi elementais sobre temas moi básicos previamente traballados.  |    |   |
| CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.  | Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel  |    |   |
| CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.   | Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos moi breves e sinxelos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. |    |   |
| CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.  | Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia, sendo quen de establecer unha comunicación a pesares dos posibles obstáculos.  |    |   |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.  | Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos e narrado algunha experiencia moi sinxela.   |    |   |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.  | Interactuar de xeito simple establecendo unha comunicación moi sinxela aínda que teña que pedir repeticións ou reformular.   |    |   |
| CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.  | Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.   |    |   |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.   | Establecer relacións entre a lingua estranxeira e os seus coñecementos na súa lingua para facilitar a aprendizaxe.   |    |   |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.  | Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe  |    |   |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.                              | Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple de palabras e de textos moi curtos e moi simples (sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc.) mostrando respecto e empatía. |    |   |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Aplicar estratexias de análise do contexto comunicativo para establecer a comunicación.  |    |   |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.   | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.   |    |   |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Utilizar de forma guiada os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.                                    |    |   |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.    | Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación,   |    |   |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.   | Empregar o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas para entender o proceso de produción de textos e hipóteses de significados.  |    |   |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.   | Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais   |    |   |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.  | Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira   |    |   |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.  | Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.      |    |   |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar adecuadamente, aínda que con posibles erros que non impidan a comunicación, as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).</li> <li>- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.</li> <li>- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.</li> <li>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).</li> <li>- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.</li> <li>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> <li>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | MODULO 1: My Life   | 20              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Extraer as ideas principais moi sinxelas dos textos escritos e orais propostos.   | PE        | 31       |
|--|---|----|---|
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas con achegas propias.                    |    |   |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.  | Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral                         |    |   |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.  | Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación                |    |   |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Aplicar estratexias para facilitar a produción lingüística                    |    |   |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.   | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira                   |    |   |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).   | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.  | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas                   |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural                                      |    |   |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.   | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 4  | Module 3: Challenge yourself | 30       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios. | Extraer as ideas principais dos textos escritos e orais propostos   | PE | 36 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.   | Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.  | Expresar ideas xerais por escrito de xeito comprensíbel segundo a situación comunicativa co axeitado rexistro   |    |    |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.   | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa  |    |    |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.   | Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz. |    |    |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.   | Aplicar estratexias de writing para producir e revisar textos utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento.           |    |    |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas con achegas propias   | TI | 64 |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.  | Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral   |    |    |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.  | Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación  |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Aplicar estratexias para facilitar a produción lingüística                         |    |   |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.   | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira                        |    |   |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe). | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe      |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.  | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas                        |    |   |
| CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.  | Valorar a importancia da diversidade cultural                                      |    |   |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.</li> </ul> |

## Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liña co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía do Departamento de Inglés do IES Pino Manso deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostas e coordinadas a partir da CCP.

Dentro das aulas, combinaremos o traballo individual graduado e supervisado co traballo colaborativo en grupos reducidos e/ou en parellas, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave.

Na ESO, farase especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura a partir de textos significativos e que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado. No Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como unha piar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de contar e manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, sabendo recoñecer e aplicar os recursos narrativos (storytelling) en función de cada situación comunicativa e prestando atención (no Bacharelato) á fonética e á entoación. Neste sentido, contamos coa medida dos Desdobres de aula, no que os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA. Finalmente o uso das tecnoloxías (na ESO, a través das posibilidades que ofrece o proxecto Edixgal e a través da plataforma EVA), o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesariagradaación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de consulta de elaboración propia              |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua |
| Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)   |
| Recursos audiovisuais auténticos                         |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos                                     |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe                      |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas



plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Cómpre sinalar que o IES Pino Manso está adherido ao programa E-Dixgal; circunstancia que na ESO nos permitirá facer uso dos materiais que a plataforma EVA fornece, e ademais o profesorado poderá completalo con outros materiais que complementen os recursos didácticos, o que facilitará o deseño de actividades máis personalizadas naqueles casos que se estime necesario.

A aula virtual, os libros de texto, os materiais de reforzo en papel e os dispositivos portátiles serán os recursos empregables co alumnado de 2ºESO, e, en concreto, combinarán a versión dixital (Students Book) do manual OnTrack 2 co caderniño (workbook) en papel, ambos da Editorial Oxford.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na ESO desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos e poderá incluír máis dun instrumento de avaliación:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a estrela, a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc.)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba escrita de nivel
4. Actividade que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, My favourite person, etc.)

As probas de avaliación inicial realizaranse no período comprendido entre o comezo do curso e o 17 de outubro 2023. Os resultados da proba inicial conxuntamente coa información da nota obtida polo alumno o curso anterior, e a observación sistemática das intervencións do alumno na clase reflexadas no diario da clase do profesor, servirán para facerse unha idea do perfil do alumno e do grupo co fin de adoptar medidas de reforzo no caso dos alumnos con un nivel inferior ou superior a media e cumprir así cos requisitos de atender a diversidade.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>5</b> | <b>25</b> | <b>30</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 38       | 38        | 38        | 36        | <b>37</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 62       | 62        | 62        | 64        | <b>63</b>  |

#### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación.

A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

1) Peso dos trimestres (ESO)

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

Para calcular a nota trimestral, empregarase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

- Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 30%

- Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 25%

- Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 25%
- Desenvolvemento das outras competencias clave: 20%

## 2) Ponderación da cualificación na ESO

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución) para cada criterio de avaliación.

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificando e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

### **Criterios de recuperación:**

Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución dos mínimos para cada criterio da materia empregando, como mínimo, dous instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Na ESO, o Plan de reforzo das materias pendentes está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. O plan:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor.
- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.
- O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
- Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

O alumnado da ESO coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación - dúas parciais e unha final- segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado.

A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                                       | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual                                   | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - A competencia dixital  | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación emocional e en valores                           | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - A igualdade de xénero  | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - A creatividade   | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A educación para a saúde                                     |      |      |      | X    |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.               | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      | X    | X    |      |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial                        | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico                  |      | X    | X    | X    |

### Observacións:

A programación de cada nivel inclúe proxectos, tarefas e actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Celebracións culturais relacionadas coa cultura anglofalante | Halloween, Christmas, St. Patricks...  |          |          |          |
| Mindfulness in English                                       | Training mindfulness in English during class sessions                        |          |          |          |
| English culture week   | Celebrating an English culture week in collaboration with the school library |          |          |          |

### Observacións:

2º ESO:

a) Actividades culturais: O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividadeas de Halloween e Christmas co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.

b) Afternoon Tea: O alumnado participará nunha Tea Party para coñecer esta tradición e a carga cultural que a rodea vinculada a Inglaterra.

c) Mindfulness: O alumnado participará en actividades enfocadas a desenvolver o mindfulness como parte do Plan de actividades físicas e hábitos saudables que se leva a cabo no centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.      |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. |

|   |
|---|
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.      |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.  |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.   |
| Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |

#### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, mensualmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación poderás facerse a través da aplicación PROENS ou en formato presencial ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora). Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da

metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito    | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|--------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Inglés | 2º ESO | 2                | 70             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 4             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 21            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 21            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 22            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 22            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 23            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 23            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 24            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 25            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 26            |
| 9. Outros apartados   | 27            |



## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-24 conta cun total de 578 alumnos e alumnas, dos cales 107 son alumnado de 2º ESO repartido en 4 grupos. Deses 107 alumnos, 5 cursan a materia de Inglés como segunda lingua estranxeira. A presente programación didáctica de dita materia ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua estranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Inglés como segunda lingua estranxeira non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua estranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación. En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque de Aprendizaxe Cooperativa a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.  | 1   | 1-2 | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.  | 5   | 1-2 | 1    |    | 3     | 3  |    |      |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.  |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3     |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Starter Module                                       | Revisión de contidos previos e información persoal.  | 5              | 4          | X        |          |          |
| 2  | MODULE 1: Life online & Urban jungle                 | Describir obxectos e escribir un blog.<br>Facer peticións e negociar.<br>Describir un lugar.             | 25             | 23         | X        |          |          |
| 3  | MODULE 2: Challenge yourself & Protecting the planet | Narrar unha historia de xeito oral e escrito.<br>Organizar un evento e redactar unha opinión.            | 30             | 23         |          | X        |          |
| 4  | MODULE 3: The smart shopper & The right job          | Pagar nunha tenda e redactar unha invitación a un evento.<br>Falar sobre a escola e redactar un informe. | 40             | 20         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1  | Starter Module | 4        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.   | Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves.  | PE | 20 |
| CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.   | Completar documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal.   |    |    |
| CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.   | Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos.  |    |    |
| CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.   | Identificar o sentido global moi evidente e máis relevante de textos orais e escritos.  | TI | 80 |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.  | Recoñecer estereotipos e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística.               |    |   |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.   | Aceptar e respectar a diversidade lingüística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.                 |    |   |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.   | Participar en proxectos relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. |    |   |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.   | Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira.                |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo.</li> <li>- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais</li> </ul> |

## Contidos

- (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, combinaremos o traballo individual graduado e supervisado co traballo colaborativo en grupos reducidos e/ou en parellas, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Na ESO, farase especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura a partir de textos significativos e que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado.

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como un pilar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de contar e manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, sabendo recoñecer e aplicar os recursos narrativos (storytelling) en función de cada situación comunicativa. Neste sentido, contamos coa medida dos desdobres de aula, no que os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA. Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, forneceren a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de elaboración propia  |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua                             |
| Manual da editorial (Workbook en formato físico e Student's Book en formato virtual) |
| Recursos audiovisuais auténticos   |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos (edixgal)   |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe (edixgal)  |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Deste xeito, empregaranse materiais con apoios visuais e deseñados baixo o principio de andamiaxe para dar apoio a aqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lento. Deseñaranse tamén materiais de ampliación

sobre as actividades base para responder ás necesidades daqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis rápido. Os materiais poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons. Tratarase de empregar sempre que sexa posible materiais onde se empregue linguaxe real, non adaptado, especialmente no caso dos materiais audiovisuais.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumando desenvolverase durante as primeiras sesións a través dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (figure me out game, memory game with names and information...)
2. Ficha Meet the Student
3. Actividade na que se desenvolve a destreza lingüística oral que consiste en entrevistar aos compañeiros para obter información personal básica (nome, idade, gustos, qué fai no seu tempo libre...).
4. Proba escrita de nivel.

O obxectivo desta avaliación inicial será obter información sobre os coñecementos dos que parte o alumnado para poder así adaptar os materiais e tempos previstos nesta programación para dar resposta as diferentes necesidades identificadas.

As probas de avaliación inicial realizaránse no periodo comprendido entre o comezo do curso e o 17 de outubro de 2023.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>5</b> | <b>25</b> | <b>30</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 20       | 20        | 20        | 20        | <b>20</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 80       | 80        | 80        | 80        | <b>80</b>  |

### Criterios de cualificación:

Dada a natureza do currículo da materia que entende a adquisición da lingua como progresiva e acumulativa, considérase que a avaliación debe ser continua e progresiva. Así, para obter a nota final da materia empegarase a seguinte ponderación:

- Nota do primeiro trimestre: 30%
- Nota do segundo trimestre: 30%
- Nota do terceiro trimestre: 40%

Para calcular a nota trimestral, empegarase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

- Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 30%
- Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 25%
- Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 25%
- Desenvolvemento das outras competencias clave: 20%

A avaliación final da materia será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación) para cada bloque.

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificado e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

### **Criterios de recuperación:**

Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución dos mínimos para cada criterio da materia empregando, como mínimo, dous instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Na ESO, o Plan de reforzo das materias pendentes está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. O plan:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor.
- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.
- O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
- Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

- a. Identificación da alumna/o.
- b. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

O alumnado da ESO coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación - dúas parciais e unha final- segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado.

A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Estructuración progresiva dos contidos en cada módulo partindo da activación dos coñecementos previos, a

- introducción progresiva dos contidos (input) para finalmente acadar a produción por parte do alumno (output).
4. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
  5. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
  6. Actividades de reforzo e consolidación.
  7. Aprendizaxe por Proxectos.
  8. Traballo colaborativo.
  9. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
  10. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
  11. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
  12. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
  13. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora.   | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                                    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A competencia dixital.                                       | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.               | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación para a saúde.                                    |      |      | X    |      |
| ET.6 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. |      |      | X    |      |
| ET.7 - A creatividade.  | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - A comunicación audiovisual.                                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación emocional e en valores.                         | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Igualdade de xénero.  | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Autonomía, iniciativa e traballo en equipo.                 | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Os elementos transversais traballaranse dunha banda a través dos contidos, tarefas e actividades propias de cada módulo; e doutra banda, a través das actividades complementarias organizadas polo departamento, as dinámicas de traballo na aula e os proxectos do centro nos que participa o departamento.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

Plan Dixital

Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)

PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector

Plan de actividades físicas e hábitos saudables

Proxecto lingüístico de centro.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| 1º Trimestre: Halloween, Christmas                        | O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividade de Halloween e Christmas co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.   |          |          |          |
| 2º Trimestre: Teatro en inglés, Easter, St. Patrick's Day | O alumnado terá a oportunidade de asistir a unha obra de teatro en lingua inglesa para a que traballará os contidos máis relevantes con actividades previas e posteriores á obra. Así mesmo, traballaranse contidos relacionados coas festividade de Easter y St. Patrick's Day co obxectivo de ampliar os seus coñecementos sobre a cultura de países anglófonos. |          |          |          |
| 3º Trimestre: Holi Festival                               | O departamento organizará en colaboración co departamento de educación física a celebración do festival Holi, traballando os contidos de carácter cultural na aula de inglés e finalmente celebrando a festividade cunha carreira con pó de cores, simulando a celebración desta festividade na India  |          |          |          |

### Observacións:

As actividades complementarias que se leven a cabo no IES Pino Manso estarán vinculadas aos elementos transversais do currículo, as competencias clave e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro.

As devanditas actividades serán propostas polo departamento de inglés e coordinadas pola vicedirección do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.   |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela para adaptalas aos ritmos de aprendizaxe e necesidades do alumnado. |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.              |

|  |
|--|
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.  |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas: materiais con apoios visuais, estratexias de andamiaxe, tarefas con diferentes niveis de dificultade... |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.   |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.  |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.  |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.  |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.   |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.   |
| Explico as instrucións e tempos das actividades de xeito claro e conciso.  |
| Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.                   |

#### Descrición:

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

Neste mesmo cuestionario, solicitarase ao alumnado que aporte propostas de mellora na práctica docente que se analizarán e terán en conta de cara aos seguintes trimestres.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Este documento de programación concíbese como un documento flexible que poderá ser adaptado, no caso de ser necesario, ás diferentes circunstancias que se presenten ao longo do curso. Por esta razón, realizarase un seguimento da programación durante as reunións semanais nas que os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. As conclusións obtidas reflexaranse a través da aplicación PROENS.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata os avances do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria.

Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.



## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 3º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 20            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 20            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 21            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 21            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 22            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 23            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 23            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 24            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 26            |
| 9. Outros apartados   | 27            |

## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-24 conta cun total de 578 alumnos e alumnas. En 3º ESO hai 75 alumnas/os repartidos en 3 grupos, dos cales 68 alumnas/os cursan a materia de Inglés como primeira lingua estranxeira.

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 3º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua estranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Lingua Inglesa non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua estranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación. En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque da Aprendizaxe Cooperativa a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.                      | 2-3 | 1-2 | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1   | 1-2 | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.   | 5   | 1-2 | 1    |    | 3     | 3  |    |      |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.              |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3     |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                                     | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Starter Module                             | Revisión de contidos previos e información persoal.   | 5              | 5          | X        |          |          |
| 2  | MODULE 1: Entertain us & It's a crime      | Facer unha reseña dunha película. Falar sobre preferencias. Describir unha imaxe. Escribir unha historia. | 25             | 35         | X        |          |          |
| 3  | MODULE 2: Follow the rules & Getting along | Falar sobre noticias. Escribir un correo informal. Desculpase e aceptar desculpas. Describir persoas.     | 30             | 35         |          | X        |          |
| 4  | MODULE 3: The senses & Creativity          | Falar sobre comida. Redactar un ensaio de pros e contras. Chegar a un acordo. Escribir unha biografía.    | 40             | 30         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1  | Starter Module | 5        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  | Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.   | PE | 27 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.                                 | Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.    |    |    |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.           |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.   | Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.                 | TI | 73 |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.   | Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz. |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.                     | Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.             |    |   |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.  |    |   |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.   | Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións. |    |   |
| CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.  | Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.                         |    |   |
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais        |    |   |
| CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.  | Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   |    |   |
| CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.   | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.                 |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.      |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.   | Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.         |    |   |
| CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.  | Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.                         |    |   |
| CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións</li> </ul> |



## Contidos

- temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD                          | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 2  | MODULE 1: Entertain us & It's a crime | 35       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  | Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.   |    |    |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.                                 | Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.    | PE | 27 |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.           |    |    |
Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución dos mínimos para cada criterio da materia empregando, como mínimo, dous instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Na ESO, o Plan de reforzo das materias pendentes está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. O plan:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor.

- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

- Adaptárase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

- O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

- Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

a. Identificación da alumna ou do alumno.

b. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.



- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

O alumnado da ESO coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación -dúas parciais e unha final-segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado.

A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Estructuración progresiva dos contidos en cada módulo partindo da activación dos coñecementos previos, a introducción progresiva dos contidos (input) para finalmente acadar a produción por parte do alumno (output).
4. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
5. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
6. Actividades de reforzo e consolidación.
7. Aprendizaxe por Proxectos.
8. Traballo colaborativo.
9. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
10. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
11. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
12. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
13. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                                  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|----------------------------------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora       | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A competencia dixital     | X    | X    | X    | X    |



|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.4 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais               | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación para a saúde                                    |      |      | X    |      |
| ET.6 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      |      | X    |      |
| ET.7 - A creatividade.   | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - A comunicación audiovisual                                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación emocional e en valores                         | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Igualdade de xénero  | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Autonomía, iniciativa e traballo en equipo.                | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

A programación de cada nivel inclúe proxectos, tarefas e actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓNA-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro
- Plan de Igualdade

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|------------|----------|----------|----------|
|------------|------------|----------|----------|----------|

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| 1º Trimestre: Halloween, Christmas                        | O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividades de Halloween e Christmas co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.   | X        |          |          |
| 2º Trimestre: Teatro en inglés, Easter, St. Patrick's Day | O alumnado terá a oportunidade de asistir a unha obra de teatro en lingua inglesa para a que traballará os contidos máis relevantes con actividades previas e posteriores á obra. Así mesmo, traballaranse contidos relacionados coas festividades de Easter y St. Patrick's Day co obxectivo de ampliar os seus coñecementos sobre a cultura de países anglófonos. |          | X        |          |
| 3º Trimestre: Holi Festival                               | O departamento organizará en colaboración co departamento de educación física a celebración do festival Holi, traballando os contidos de carácter cultural na aula de inglés e finalmente celebrando a festividade cunha carreira con pó de cores, simulando a celebración desta festividade na India   |          |          | X        |

#### Observacións:

As actividades complementarias que se leven a cabo no IES Pino Manso estarán vinculadas aos elementos transversais do currículo, as competencias clave e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro. As devanditas actividades serán propostas polo departamento de inglés e coordinadas pola vicedirección do centro.

3º ESO:

a) Actividades culturais: O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividades de Halloween e Christmas, así como Easter e St Patrick's, co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.

b) Teatro: O alumnado asistirá a unha representación teatral en inglés organizada polo Departamento.

c) Holi Festival: O departamento organizará en colaboración co departamento de educación física a celebración do festival Holi, traballando os contidos de carácter cultural na aula de inglés e finalmente celebrando a festividade cunha carreira con pó de cores, simulando a celebración desta festividade na India .

d) Multicultural Week: O alumnado participará nunha semana enfocada en destacar a multiculturalidade e plurilingüismo do IES Pino Manso, con obradoiros, proxeccións e sesións gamificadas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.  |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela para adaptalas aos ritmos de aprendizaxe e necesidades do alumnado.  |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.   |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.  |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas: materiais con apoios visuais, estratexias de andamiaxe, tarefas con diferentes niveis de dificultade... |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.   |

|  |
|--|
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.  |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.                          |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.  |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.   |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as. |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.  |
| Explico as instrucións e tempos das actividades de xeito claro e conciso.  |

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

Neste mesmo cuestionario, solicitarase ao alumnado que aporte propostas de mellora na práctica docente que se analizarán e terán en conta de cara aos seguintes trimestres.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación poderá facerse a través da aplicación PROENS na periodicidade establecida polas autoridades educativas. Así mesmo, darase conta da súa progresión (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora) nas reunións de Departamento, comunicando á maior brevidade calquera incidencia que xorda.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 4º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 20            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 20            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 21            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 21            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 22            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 22            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 23            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 25            |
| 9. Outros apartados   | 26            |

## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-24 conta cun total de 578 alumnos e alumnas, dos cales 102 son alumnado de 4º ESO repartido en 4 grupos. A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 4º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua estranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Lingua Inglesa non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua estranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación. En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque da Aprendizaxe Cooperativa a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.                      | 2-3 | 1-2   | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1   | 1-2   | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.   | 5   | 1-2   | 1    |    | 3     | 3  |    |      |
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.              |     | 2  | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3  |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Starter Module: What happened to me.                       | Describir experiencias ou acontecementos persoais do pasado. Crear un contrato de deberes e obrigacións para aplicación na aula en grupos.   | 5              | 5          | X        |          |          |
| 2  | Module 1: What matters to me                               | Describir as destrezas e habilidades persoais. Escribir unha crítica sobre un espectáculo cultural (concerto, teatro, película...). Diseñar un anuncio publicitario e dar a opinión sobre outro, indicando interese, satisfacción, decepción e desexo. | 25             | 35         | X        |          |          |
| 3  | Module 2: Memories, optical illusions and dreams           | Escribir unha biografía. Crear un "fact file" sobre un suceso extraordinario e narrar unha historia ou conto ficticio.   | 30             | 35         |          | X        |          |
| 4  | Module 3: Fantastic food, my dream trip and the ideal job. | Describir unha receita de cociña, escribir unha reseña dunha viaxe realizada e facer unha carta solicitando un posto de traballo. Explicar cómo se desenvolveu a entrevista de traballo usando o estilo indirecto.                                     | 40             | 30         |          |          | X        |



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                         | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 1  | Starter Module: What happened to me. | 5        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas esenciais de textos escritos e orais propostos  | PE | 33 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.  | Aplicar estratexias de escritura                                 |    |    |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto. | Aplicar estratexias de escritura                                 |    |    |
| CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.  | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a Lingua Inglesa | TI | 67 |
| CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Aplicar estratexias de lectura                                   |    |    |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.   | Aplicar estratexias de comprensión oral                          |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| <p>CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.</p>             | <p>Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible</p>          |    |   |
| <p>CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.</p> | <p>Participar en situacións interactivas con achegas propias</p>      |    |   |
| <p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p>   | <p>Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral</p>          |    |   |
| <p>CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.</p>   | <p>Aplicar estratexias que faciliten a comunicación lingüística</p>   |    |   |
| <p>CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.</p>  | <p>Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación</p> |    |   |
| <p>CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.</p>   | <p>Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira</p>    |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe      |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.  | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas                        |    |   |
| CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.  | Valorar a importancia da diversidade cultural                                      |    |   |
| CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e anunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> </ul> |

## Contidos

- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2  | Module 1: What matters to me | 35       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas esenciais de textos escritos e orais propostos  | PE | 33 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.  | Aplicar estratexias de escritura                                 |    |    |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto. | Aplicar estratexias de escritura                                 |    |    |
| CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.  | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a Lingua Inglesa |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Aplicar estratexias de lectura                                   | TI | 67 |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.   | Aplicar estratexias de comprensión oral                          |    |    |
| CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.                                  | Expresar oralmente ideas xerais de seito comprensible            |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas con achegas propias                     |    |   |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.   | Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral                         |    |   |
| CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.   | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación lingüística                  |    |   |
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación                |    |   |
| CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.   | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira                   |    |   |
| CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.                              | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.  | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas                   |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos. | Valorar a importancia da diversidade cultural                                      |           |          |
| CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.   | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias,</li> </ul> |



## Contidos

- ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD                                     | Duración |
|----|--|----------|
| 3  | Module 2: Memories, optical illusions and dreams | 35       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  | Extraer as ideas esenciais de textos escritos e orais propostos | PE | 33 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Aplicar estratexias de escritura                                |    |    |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto. | Aplicar estratexias de escritura                                 |    |    |
| CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.  | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a Lingua Inglesa |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Aplicar estratexias de lectura                                   |    |    |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.   | Aplicar estratexias de comprensión oral                          |    |    |
| CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.                                  | Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible            | TI | 67 |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.                      | Participar en situación interactivas con achegas propias         |    |    |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.  | Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral            |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.                                    | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación lingüística                  |    |   |
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación                |    |   |
| CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira                   |    |   |
| CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.   | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas                   |    |   |
| CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.  | Valorar a importancia da diversidade cultural                                 |    |   |
| CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade cultural          |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

### Contidos

- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 4  | Module 3: Fantastic food, my dream trip and the ideal job. | 30       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas esenciais de textos escritos e orais propostos | PE | 27 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.  | Aplicar estratexias de escritura                                |    |    |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto. | Aplicar estratexias de escritura                                |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Aplicar estratexias de lectura                                  | TI | 73 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.  | Aplicar estratexias de comprensión oral                          |    |   |
| CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.             | Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible            |    |   |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situación interactivas con achegas propias         |    |   |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.   | Aplicar estratexias comunicativas na interacción oral            |    |   |
| CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.   | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación lingüística     |    |   |
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Empregar recursos para a solución de problemas de comunicación   |    |   |
| CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a Lingua Inglesa |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira                        |    |   |
| CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe      |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.   | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras linguas                         |    |   |
| CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.  | Valorar a importancia da diversidade cultural                                      |    |   |
| CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto</li> </ul> |

## Contidos

- (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liña co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía do Departamento de Inglés do IES Pino Manso deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostas e coordinadas a partir da CCP.

Dentro das aulas, combinaremos o traballo individual graduado e supervisado co traballo colaborativo en grupos reducidos e/ou en parellas, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave.

Na ESO, farase especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura a partir de textos significativos e que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado. En Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como unha piar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de contar e manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, sabendo recoñecer e aplicar os recursos narrativos (storytelling) en función de cada situación comunicativa e prestando atención (no Bacharelato) á fonética e á entoación. Neste sentido, contamos coa medida dos Desdobres de aula, no que os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías (na ESO, a través das posibilidades que ofrece o proxecto Edixgal e a través da plataforma EVA), o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                     |
|----------------------------------|
| Materias de elaboración propia   |
| Student's Book On Track 4 Oxford |
| Workbook On Track 4 Oxford       |
| Recursos DUA                     |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Cómpre sinalar que o IES Pino Manso está adherido ao programa E-Dixgal; circunstancia que na ESO nos permitirá facer uso dos materiais que a plataforma EVA fornece, e ademais o profesorado poderá completalo con outros materiais que complementen os recursos didácticos, o que facilitará o deseño de actividades máis personalizadas



naqueles casos que se estime necesario.

A aula virtual, os libros de texto, os materiais de reforzo en papel e os dispositivos portátiles serán os recursos empregables co alumnado de 4ºESO, e, en concreto, combinarán a versión dixital (Students Book) do manual On Track 4 co cadernoño (workbook) en papel, ambos da Editorial Oxford.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na ESO desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos e poderá incluír máis dun instrumento de avaliación:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a estrela, a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, figure me out game, memory game with names and information, etc.)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Actividade que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, My favourite person, etc.)
4. Proba escrita de nivel.

As probas de avaliación inicial realizaranse no período comprendido entre o comezo do curso e o 17 de outubro 2023. Os resultados da proba inicial conxuntamente coa información da nota obtida polo alumno o curso anterior, e a observación sistemática das intervencións do alumno na clase reflexadas no diario da clase do profesor, servirán para facerse unha idea do perfil do alumno e do grupo co fin de adoptar medidas de reforzo no caso dos alumnos con un nivel inferior ou superior a media e cumprir así cos requisitos de atender a diversidade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-----------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>25</b> | <b>30</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 33       | 33        | 33        | 27        | <b>31</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 67       | 67        | 67        | 73        | <b>69</b>  |

### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación.

A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

#### 1) Peso dos trimestres (ESO)

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

Para calcular a nota trimestral, empregárase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

- Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 30%
- Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 25%
- Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 25%
- Desenvolvemento das outras competencias clave: 20%

#### 2) Ponderación da cualificación na ESO

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución) para

cada criterio de avaliación.

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificado e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

### **Criterios de recuperación:**

Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución dos mínimos para cada criterio da materia empregando, como mínimo, dous instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                           | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A competencia dixital                         | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación para a saúde                      | X    | X    | X    | X    |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.6 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - A creatividade.   | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - A comunicación audiovisual                                  | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación emocional e en valores                         | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Igualdade de xénero  | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Autonomía, iniciativa e traballo en equipo.                | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

A programación de cada nivel inclúe proxectos, tarefas e actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro
- Plan de Igualdade

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Celebracións culturais relacionadas coa cultura anglofalante | Thanksgiving, Christmas, St. Patricks...                                     | X        | X        | X        |
| English culture week   | Celebrating an English culture week in collaboration with the school library |          |          | X        |

| Actividade       | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------|---|----------|----------|----------|
| Halloween-Samaín | Full in-class programme in collaboration with the Library and the Galician Department during the week prior to Halloween, with reading activities, scape rooms, short films and contests (door decoration)  | X        |          |          |
| Teatro en inglés | O alumnado terá a oportunidade de asistir a unha obra de teatro en lingua inglesa para a que traballará os contidos máis relevantes con actividades previas e posteriores á obra. Así mesmo, traballaranse contidos relacionados coas festividades de Easter y St. Patrick's Day co obxectivo de ampliar os seus coñecementos sobre a cultura de países anglófonos. |          | X        |          |
| Holi Festival    | O departamento organizará en colaboración co departamento de educación física a celebración do festival Holi, traballando os contidos de carácter cultural na aula de inglés e finalmente celebrando a festividade cunha carreira con pó de cores, simulando a celebración desta festividade na India   |          |          | X        |

#### Observacións:

As actividades complementarias que se leven a cabo no IES Pino Manso estarán vinculadas aos elementos trasversais do currículo, as competencias clave e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro. As devanditas actividades serán propostas polo departamento de inglés e coordinadas pola vicedirección do centro. 4º ESO:

a) Actividades culturais: O alumnado traballará nas sesións de aula contidos relacionados coa celebración das festividades de Halloween e Christmas, así como Easter e St Patrick's, co obxectivo de ampliar o seu coñecemento da cultura dos países anglófonos.

b) Teatro: O alumnado asistirá a unha representación teatral en inglés organizada polo Departamento.

c) Holi Festival: O departamento organizará en colaboración co departamento de educación física a celebración do festival Holi, traballando os contidos de carácter cultural na aula de inglés e finalmente celebrando a festividade cunha carreira con pó de cores, simulando a celebración desta festividade na India .

d) Multicultural Week: O alumnado participará nunha semana enfocada en destacar a multiculturalidade e plurilingüismo do IES Pino Manso, con obradoiros, proxeccións e sesións gamificadas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.                    |

|  |
|--|
| <b>Metodoloxía empregada</b>   |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela para adaptalas aos ritmos de aprendizaxe e necesidades do alumnado.  |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.  |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.   |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.  |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.   |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>   |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas: materiais con apoios visuais, estratexias de andamiaxe, tarefas con diferentes niveis de dificultade... |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.  |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.  |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.   |
| <b>Clima de traballo na aula</b>   |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.   |
| Explico as instrucións e tempos das actividades de xeito claro e conciso.  |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>  |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.  |

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

Neste mesmo cuestionario, solicitarase ao alumnado que aporte propostas de mellora na práctica docente que se analizarán e terán en conta de cara aos seguintes trimestres.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do

departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos. O seguimento da programación poderá facerse a través da aplicación PROENS na periodicidade establecida polas autoridades educativas. Así mesmo, darase conta da súa progresión (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora) nas reunións de Departamento, comunicando á maior brevidade calquera incidencia que xorda.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito  | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua estranxeira I: Inglés | 1º Bac. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 17            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 17            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 18            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 18            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 19            |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias                  | 19            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 20            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 21            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 23            |
| 9. Outros apartados   | 23            |



## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-2024 conta cun total de 578 alumnas/os, dos cales 78 cursan 1º Bacharelato, distribuídos en 3 grupos.

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º BACHARELATO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua estranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Lingua Inglesa non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua estranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque da Aprendizaxe Cooperativa a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.  | 2-3 | 1-2 | 1    | 1   | 40    |    |    |      |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos. | 1-5 | 1-2 | 1    | 1-3 | 40    |    |    | 32   |
| OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.                                 | 5   | 1-2 | 1    |     | 31    | 3  |    |      |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación. | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 31    |    |    |      |
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.   |     | 2     | 1    | 3  | 11    |    |    |      |
O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real que culminarán nun produto final. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; polo que se fomentará que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostos e coordinados a partir da CCP.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a aprendizaxe baseada en tarefas contextualizadas e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

En Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Neste nivel, farase tamén especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura e de textos significativos, que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado.

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como un pilar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, en función de cada situación comunicativa.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de elaboración propia                          |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua |
| Student's Book (Outlook for Bachillerato 1, Burlington)  |



|  |
|--|
| Recursos audiovisuais auténticos   |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos (ordenador de aula, proxector, pantalla dixital, etc) |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe  |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Deste xeito, empregaranse materiais con apoios visuais e deseñados baixo o principio de andamiaxe para dar apoio a aqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lento. Deseñaranse tamén materiais de ampliación sobre as actividades base para responder ás necesidades daqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis rápido. Os materiais poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons. Tratarase de empregar sempre que sexa posible materiais onde se empregue linguaxe real, non adaptado, especialmente no caso dos materiais audiovisuais. A aula virtual e os libros de texto serán recursos igualmente importantes do alumnado de 1ºBAC, e, en concreto, o manual (Student's Book) Outlook 1 da Editorial Burlington.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial en Bacharelato basearase en dous tipos de procedementos:

1. Dinámicas de cohesión grupal (naufraxio, bingo, a man, etc.) que terán un dobre obxectivo: fomentar a unión entre o grupo, á vez que buscará coñecer o nivel competencial do alumnado a modo individual.
2. Diversos tipos de actividades para coñecer o nivel competencial do alumnado a modo individual. Neste senso, a observación de aula será de gran importancia.
3. Cuestionario inicial (para coñecer ao alumnado)
4. Poderá facerse unha proba de nivel inicial (sen efecto de cualificación) para coñecer o nivel nas diferentes destrezas.

O obxectivo desta avaliación inicial será obter información sobre os coñecementos dos que parte o alumnado para poder así adaptar os materiais e tempos previstos nesta programación para dar resposta as diferentes necesidades identificadas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>25</b> | <b>35</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 43        | 34        | 28        | <b>34</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 57        | 66        | 72        | <b>66</b>  |

#### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación. A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

- 1) Peso dos trimestres (BAC)

O primeiro trimestre terá un peso do 25% da cualificación final.



O segundo trimestre terá un peso do 35% da cualificación final.  
O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

## 2) Ponderación da cualificación en BAC:

A cualificación final obtense calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución) para cada criterio de avaliación.

Para calcular a nota trimestral, empregarase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

1. Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 25%
2. Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 30%
3. Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 30%
4. Desenvolvemento das outras competencias clave: 15%

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificado e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

## **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, así como a ponderación crecente dos trimestres, non se farán probas parciais de recuperación das avaliacións nas que non se acadou o GMC. Logo da avaliación ordinaria, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba extraordinaria de carácter similar ao das probas realizadas durante o curso.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Véxase o Anexo I para a recuperación da materia de Primeira lingua estranxeira inglés pendente de 1º Bacharelato.

## **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Este apartado non procede.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Proporcionar actividades de reforzo e consolidación a través da aula virtual.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación e autoavaliación sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.
13. Sesións de Reforzo para o alumnado matriculado na asignatura co mesmo nome.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                        | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                   | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                   | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                        | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico                | X    | X    | X    |
| ET.6 - Educación emocional e en valores           | X    | X    | X    |
| ET.7 - Igualdade de xénero                        | X    | X    | X    |
| ET.8 - Creatividade                               | X    | X    | X    |
| ET.9 - Autonomía, iniciativa e traballo en equipo | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade         | X    | X    | X    |
| ET.11 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais  | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Tal e como se mencionou con anterioridade, este curso estará organizado en unidades de aprendizaxe, que se caracterizan por desenvolver tarefas contextualizadas na vida real que levan a un produto final. Esta metodoloxía permitiranos traballar gran parte dos elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso, elementos transversais que tamén serán traballados nas diferentes actividades interdepartamentais/complementarias que se desenvolvan ao longo do curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro
- Plan de Igualdade

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Proxección dunha película en versión orixinal                | En colaboración con Multicines Norte, o alumnado asistirá á proxección dunha película en versión orixinal.   | X        |          |          |
| Charla sobre tradución de videoxogos e series                | En colaboración coa Universidade de Vigo, o alumnado asistirá á Facultade de Tradución e Interpretación da Uvigo, onde poderán coñecer de primeira man como se traducen contidos para videoxogos ou para plataformas como Netflix. | X        |          |          |
| Celebracións culturais relacionadas coa cultura anglofalante | Ao longo do curso traballaremos con algunhas das celebracións propias do mundo angloparlante.  |          | X        | X        |

### Observacións:

As actividades complementarias que se levan a cabo no IES Pino Manso estarán vinculadas aos elementos transversais do currículo, ás competencias clave e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro (Contratos programa, PLAMBE, Plan Proxecta, Plan de Igualdade, etc.).

As devanditas actividades serán propostas polo departamento de Inglés e serán coordinadas pola Vicedirección do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| <b>Indicadores de logro</b>   |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.   |
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.  |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.   |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.  |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.      |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>   |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |
| Explico as instrucións e tempos das actividades de xeito claro e conciso  |

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao longo do curso, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: SEMPRE, ÁS VECES, NUNCA. Neste mesmo cuestionario, solicitarase ao alumnado que aporte propostas de mellora na práctica docente que se analizarán e terán en conta de cara aos seguintes trimestres.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Este documento de programación concíbese como un documento flexible que poderá ser adaptado, no caso de ser necesario, ás diferentes circunstancias que se presenten ao longo do curso. Por esta razón, realizarase un seguimento da programación durante as reunións semanais nas que os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. As conclusións obtidas reflexaranse a través da aplicación PROENS no momento oportuno e na periodicidade establecida polas autoridades educativas no curso actual.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata os avances do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Do mesmo xeito, na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**

### **9.1. Anexo I. Recuperación da materia pendente de Primeira Lingua estranxeira Inglés de 1º Bacharelato**

O alumnado de Bacharelato coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación -dúas parciais e unha final- segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado. A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata, como máximo, 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). A información relativa á recuperación das materias pendentes será comunicada ao alumno e á súa familia ao inicio de curso.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello  | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito   | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua estranxeira II: Inglés | 2º Bac. | 3                | 87             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 17            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 18            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 18            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 19            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 20            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 21            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 22            |
| 9. Outros apartados   | 23            |

## 1. Introducción

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2023-2024 conta cun total de 578 alumnas/os, dos cales 72 cursan 2º Bacharelato, distribuídos en 3 grupos.

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 2º BACHARELATO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa en lingua estranxeira, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

A materia de Lingua Inglesa non só contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística senón que contribúe tamén ao desenvolvemento do resto das competencias clave que forman o perfil de saída do alumnado. Cabe destacar a contribución á competencia dixital, permitindo ao alumnado manexarse mellor nas contornas dixitais. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación. Doutra banda, a competencia plurilingüe desenvolverase de xeito destacable a través da materia de lingua inglesa, permitindo ao alumnado por unha parte aproveitar as experiencias lingüísticas propias para desenvolver estratexias de aprendizaxe da lingua estranxeira e por outra parte, valorar a diversidade lingüística que está ligada directamente coa diversidade cultural e social.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.   | 2-3 | 1-2   | 1    | 1   | 40    |    |    |      |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.                                    | 1-5 | 1-2   | 1    | 1-3 | 40    |    |    | 32   |
| OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.  | 5   | 1-2   | 1    |     | 31    | 3  |    |      |
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación. | 5   | 1-2-3 | 1    |     | 31    |    |    |      |



| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.                            |     | 2  | 1    | 3  | 11    |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais | 5   | 3  |      |    | 31    | 3  |    | 1    |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Starter, Unit 1 and Unit 2. Getting Started, Culture Gap and Staying Safe. | Revisión del vocabulario y principales tiempos verbales, géneros textuales y conversacionales vistos en el currículo de 1º BAC, especialmente, los tiempos perfectos y los participios de pasado. Opinion Essay and Formal Letter. Conditionals, Time clauses and Wish clauses. Vocabulario sobre Culture and Safety. Comparing and Speculating about pictures. Phrasal verbs, collocations, adjectives and prepositions. | 30             | 30         | X        |          |          |
| 2  | Unit 3, Move it, Unit 4, Staying Together                                  | The passive, the causative, Defining and Non-defining relative clauses. Formal and Informal Structures, For and Against Essay and Opinion Essay (2). Expressing preferences, discussing similarities and differences, reaching a decision. Vocabulary about Sport and Relationships. Prepositional Phrases, idioms, phrasal verbs.  | 30             | 30         |          | X        |          |
| 3  | Unit 5, Time will tell, Unit 6 More than a job                             | Modals and modal perfects, Had better, Reported Speech. Apologising, Comparing pictures (2), Talking about work. A Summary or a job application, or/and Opinion Essay. Expressions about time, Phrasal verbs, compound adjectives and verbs and prepositions.   | 40             | 27         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 1  | Starter, Unit 1 and Unit 2. Getting Started, Culture Gap and Staying Safe. | 30       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas principais e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de interese público expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.       |    |    |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar textos ben estruturados e de complexidade moderada, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual evitando erros importantes e reformulando información de diversas fontes, xustificando as propias opinións, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.      | PE | 29 |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.  | Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais. |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.   | Interpretar o contido e a intención de textos de certa lonxitude e complexidade, sobre temas de interese público.   | TI | 71 |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.   | Aplicar as estratexias adecuadas a cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral e a información esencial e para distinguir a intención, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.                               |    |   |
| CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.. | Expresar oralmente diversos tipos de textos adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de interese público, co fin de describir e narrar, utilizando un rexistro adecuado, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, e compensación. |    |   |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.                                  | Planificar e participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, expresando ideas e opinións con corrección e argumentando de xeito coherente.   |    |   |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.  | Seleccionar e utilizar de forma correcta estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, e resolver problemas.   |    |   |
| CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.   | Interpretar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto polas interlocutoras e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión.  |    |   |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.                         | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e que sirvan para explicar e simplificar textos e conceptos e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual. |    |   |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.   | Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas.   |    |   |
| CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.   | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.  |    |   |
| CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades. | Reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe.  |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.  | Actuar de forma adecuada e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.   |    |   |
| CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.  | Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.   |    |   |
| CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.  | Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| ^ Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar |

## Contidos

- na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.
- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua

## Contidos

- estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD                              | Duración |
|----|---|----------|
| 2  | Unit 3, Move it, Unit 4, Staying Together | 30       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas principais e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de interese público expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.       |    |    |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar textos ben estruturados e de complexidade moderada, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual evitando erros importantes e reformulando información de diversas fontes, xustificando as propias opinións, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.      | PE | 29 |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.   | Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais. |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.  | Interpretar o contido e a intención de textos de certa lonxitude e complexidade, sobre temas de interese público.  |    |    |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.   | Aplicar as estratexias adecuadas a cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral e a información esencial e para distinguir a intención, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.                               |    |    |
| CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.. | Expresar oralmente diversos tipos de textos adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de interese público, co fin de describir e narrar, utilizando un rexistro adecuado, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, e compensación. |    |    |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.                                  | Planificar e participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, expresando ideas e opinións con corrección e argumentando de xeito coherente.   | TI | 71 |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.  | Seleccionar e utilizar de forma correcta estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, e resolver problemas.   |    |    |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.  | Interpretar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto polas interlocutoras e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión. |           |          |
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.                         | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e que sirvan para explicar e simplificar textos e conceptos e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual.          |           |          |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.   | Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas.  |           |          |
| CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.   | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.   |           |          |
| CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades. | Reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe.   |           |          |
| CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.  | Actuar de forma adecuada e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.  |           |          |
| CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.  | Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.  |           |          |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                                   | Duración |
|----|--|----------|
| 3  | Unit 5, Time will tell, Unit 6 More than a job | 27       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.   | Extraer as ideas principais e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de interese público expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  |    |    |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar textos ben estruturados e de complexidade moderada, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual evitando erros importantes e reformulando información de diversas fontes, xustificando as propias opinións, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | PE | 29 |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.  | Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.    |    |    |
| CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.  | Interpretar o contido e a intención de textos de certa lonxitude e complexidade, sobre temas de interese público.  |    |    |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.   | Aplicar as estratexias adecuadas a cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral e a información esencial e para distinguir a intención, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.                               |    |    |
| CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.. | Expresar oralmente diversos tipos de textos adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de interese público, co fin de describir e narrar, utilizando un rexistro adecuado, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, e compensación. | TI | 71 |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.                                  | Planificar e participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, expresando ideas e opinións con corrección e argumentando de xeito coherente.   |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| <p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p> | <p>Seleccionar e utilizar de forma correcta estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, e resolver problemas.</p>  |    |   |
| <p>CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.</p>  | <p>Interpretar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto polas interlocutoras e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión.</p> |    |   |
| <p>CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.</p>                                       | <p>Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e que sirvan para explicar e simplificar textos e conceptos e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual.</p>          |    |   |
| <p>CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.</p>   | <p>Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas.</p>  |    |   |
| <p>CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.</p>   | <p>Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.</p>   |    |   |
| <p>CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.</p>               | <p>Reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe.</p>   |    |   |
| <p>CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.</p>  | <p>Actuar de forma adecuada e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.</p>  |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos. | Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.  |    |   |
| CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.   | Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con</li> </ul> |

## Contidos

- falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liña co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía do Departamento de Inglés do IES Pino Manso deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real que culminarán nun produto final. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; polo que se fomentará que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostos e coordinados a partir da CCP.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a aprendizaxe baseada en tarefas contextualizadas e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

En Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Neste nivel, farase tamén especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura e de textos significativos, que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado.

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como un pilar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, en función de cada situación comunicativa.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de elaboración propia  |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua                   |
| Student's Book (Outlook for Bachillerato 2, Burlington)                    |
| Recursos audiovisuais auténticos   |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos (ordenador de aula, proxector, pantalla dixital, etc) |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe  |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Deste xeito, empregaranse materiais con apoios visuais e deseñados baixo o principio de andamiaxe para dar apoio a aqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lento. Deseñaranse tamén materiais de ampliación sobre as actividades base para responder ás necesidades daqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Os materiais poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons. Tratarase de empregar sempre que sexa posible materiais onde se empregue linguaxe real, non adaptado, especialmente no caso dos materiais audiovisuais. A aula virtual e os libros de texto serán recursos igualmente importantes do alumnado de 2ºBAC, e, en concreto, o manual (Student's Book) Outlook 2 da Editorial Burlington.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O obxectivo desta avaliación inicial será obter información sobre os coñecementos dos que parte o alumnado para poder así adaptar os materiais e tempos previstos nesta programación para dar resposta as diferentes necesidades identificadas. A avaliación inicial en 2º Bacharelato basearase en:

1. Diversos tipos de actividades de repaso dos contidos vistos en 1º de BAC para coñecer o nivel competencial do alumnado a modo individual. Neste sentido, a observación de aula será de gran importancia.
2. Poderá facerse unha proba de nivel inicial (sen efecto de cualificación) para coñecer o nivel nas diferentes destrezas orais e escritas.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>30</b> | <b>30</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 29        | 29        | 29        | <b>29</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 71        | 71        | 71        | <b>71</b>  |

### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación. A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

1) Peso dos trimestres (BAC)

O primeiro trimestre terá un peso do 25% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 35% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

2) Ponderación da cualificación en BAC:

A cualificación final obtense calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución) para cada criterio de avaliación.

Para calcular a nota trimestral, empregárase a seguinte ponderación en función da natureza dos criterios de avaliación (competencias lingüística y plurilingüe):

1. Comprensión e produción oral (Listening & Speaking): 25%

2. Comprensión e produción escrita (Reading & Writing): 30%

3. Contidos sintácticos e discursivos (Grammar, vocabulary, etc.): 30%

4. Desenvolvemento das outras competencias clave: 15%

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificado e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debido tempo e forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, anularánselle a proba que estea realizando e daráselle unha nova oportunidade de avaliarse do mesmo contido á maior brevidade posible.

### Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, así como a ponderación crecente dos trimestres, non se farán probas parciais de recuperación das avaliacións nas que non se acadou o GMC. Logo da avaliación ordinaria, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba extraordinaria de carácter similar ao das probas realizadas durante o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Asegurar que os instrumentos de avaliación, nomeadamente as probas escritas, garantan a consecución do GMC dos criterios de avaliación.



2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Proporcionar actividades de reforzo e consolidación, a través da aula virtual.
6. Aprendizaxe por Proxectos, cando sexa posible.
7. Traballo colaborativo, cando sexa posible.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación e autoavaliación sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas nos que sexa posible cos recursos humanos dispoñibles no Departamento: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Sesións de Reforzo para o alumnado matriculado na asignatura co mesmo nome.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                        | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                   | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                   | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                        | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico                | X    | X    | X    |
| ET.6 - Educación emocional e en valores           | X    | X    | X    |
| ET.7 - Igualdade de xénero                        | X    | X    | X    |
| ET.8 - Creatividade                               | X    | X    | X    |
| ET.9 - Autonomía, iniciativa e traballo en equipo | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade         | X    | X    | X    |
| ET.11 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais  | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Tal e como se mencionou con anterioridade, este curso estará organizado en unidades de aprendizaxe, que se caracterizan por desenvolver tarefas contextualizadas na vida real que levan a un produto final. Esta metodoloxía permitiranos traballar gran parte dos elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso, elementos transversais que tamén serán traballados nas diferentes actividades interdepartamentais/complementarias que se desenvolvan ao longo do curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro
- Plan de Igualdade

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Proxección dunha película en versión orixinal                | En colaboración con Multicines Norte, o alumnado asistirá á proxección dunha película en versión orixinal. | X        |          |          |
| Participación no concurso europeo JUVENES TRANSLADORES       | Participación no concurso europeo de tradución Juvenes Translatores organizado pola Comisión Europea       | X        |          |          |
| Celebracións culturais relacionadas coa cultura anglofalante | Ao longo do curso traballaremos con algunhas das celebracións propias do mundo angloparlante.              |          | X        | X        |

### Observacións:

As actividades complementarias que se levan a cabo no IES Pino Manso estarán vinculadas aos elementos transversais do currículo, ás competencias clave e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro (Contratos programa, PLAMBE, Plan Proxecta, Plan de Igualdade, etc.).

As devanditas actividades serán propostas polo departamento de Inglés e serán coordinadas pola Vicedirección do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.                    |

|   |
|---|
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.  |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.   |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.  |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.      |
| Explico as instrucións e tempos das actividades de xeito claro e conciso  |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>   |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |

### **Descrición:**

Profesorado e alumnado, ao longo do curso, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: **SEMPRE, ÁS VECES, NUNCA**. Neste mesmo cuestionario, solicitarase ao alumnado que aporte propostas de mellora na práctica docente que se analizarán e terán en conta de cara aos seguintes trimestres.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Este documento de programación concíbese como un documento flexible que poderá ser adaptado, no caso de ser necesario, ás diferentes circunstancias que se presenten ao longo do curso. Por esta razón, realizarase un seguimento da programación durante as reunións semanais nas que os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. As conclusións obtidas reflexaranse a través da aplicación PROENS no momento oportuno e na periodicidade establecida polas autoridades educativas no curso actual.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata os avances do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Do mesmo xeito, na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes

resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**